

Concello de Cerdido (A Coruña)

Felgosas - A Barqueira 15569 Cerdido

Tlf. 981411000 Fax 981411027

www.cerdido.org / correo@cerdido.dicoruna.es

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DE CERDIDO REUNIDA O DÍA TRINTA DE AGOSTO DE DOUS MIL ONCE

No salón de plenos do concello de Cerdido, ás doce horas da mañá do día trinta de agosto de dous mil once, reúnese en primeira convocatoria os seguintes concelleiros que se citan a continuación: Don Juan José Ramos Prieto, Dona María José López Lamigueiro, Don Faustino Cebreiro Paz, Don José Esmoris Aldao, Don Benigno Galego Castro, Don Álvaro Rodríguez Graña, Don Cándido Eusebio Prieto Lago e Don Roberto Oscar López López, baixo a Presidencia de Dona Ana Rodríguez Montero como Alcaldesa. Actúa de Secretaria Dona Paula Díaz Tie. De seguido pásanse a debate-los asuntos da orde do día:


1.- APROBACIÓN SE PROCEDE DAS ACTAS DOS PLENOS DOS DÍAS ONCE DE XUÑO E ONCE DE XULLO DE 2011.-

En relación á acta do día 11 de xullo, o Concelleiro Don Roberto O. López López solicita que se corrixa o acordo do regulamento da piscina no seu artigo 7, parágrafo 3, debendo poñer de libre acceso e non anexo e en relación as faltas moi graves, na súa intervención que se aclare que son as faltas moi graves as que deben ter sanción económica. A Secretaria a petición da alcaldía toma a palabra para recordar que non se pode variar o contido do acordo na aprobación das actas. E non habendo mais observacións e por maioría dos presentes aprobáronse as actas anteriores. 8 votos a favor dos concelleiros Don Juan José Ramos Prieto, Dona María José López Lamigueiro, Don Faustino Cebreiro Paz, Don José Esmoris Aldao, Don Benigno Galego Castro, Don Álvaro Rodríguez Graña, Don Cándido Eusebio Prieto Lago e o voto da Alcaldesa e unha Abstención do Concelleiro Don Roberto Oscar López López.

2.- FESTIVOS LOCAIS 2012.- Lida a proposta da Alcaldía do tenor literal seguinte: Visto o Decreto 128/2011 do 30 de xuño publicado no Diario Oficial de Galicia do 4 de xullo, polo que se determina o calendario laboral para o ano 2012, na Comunidade Autónoma de Galicia, e dada a posibilidade de establecer dous días de cada ano natural como festas locais, segundo establece o artigo 37.2 do Estatuto dos Traballadores esta alcaldía propón ó pleno aprobación da seguinte proposta: **PRIMEIRO.-** Establecer como festivos locais para o ano 2012, os días 21 de febreiro de 2012 (martes de entroido) e o 25 de xuño de 2012. **SEGUNDO.-** Remitirlle copia deste acordo a Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Traballo e Benestar. Cerdido, 10 de agosto de 2011. A Alcaldesa. Asdo./ Ana Rodríguez Montero. **Os membros do Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes aprobaron a proposta anterior.**

3.- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DE LICENZA DE APERTURA DE ESTABLECEMENTOS. Lida a proposta da alcaldía seguinte: Atendendo o informe-proposta de Secretaria de data dez de agosto de 2011 no que se establece a necesidade de modificar a ordenanza fiscal regulada da taxa pola apertura de establecemento e considerando as múltiples reformas legislativas operadas en virtude da Directiva Comunitaria 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello do 12 de decembro de 2006 (en adiante Directiva de Servizos) recollidas na normativa estatal española, basicamente na Lei 17/2009 do 23 de novembro de libre acceso de actividades e servizos, Lei 25/2009, de 22 de decembro e mais recentemente na Lei 2/2011, de 4 de marzo, de Economía Sostible na que se inclúen medidas de simplificación administrativas, entre outras, por medio da incorporación do

artigo 84 bis e 84 ter da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, que establecen que con carácter xeral, o exercicio de actividades non se someterá a obtención de licenza ou outro medio de control preventivo, o abeiro do disposto no artigo 175 do Regulamento de organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e a vista do texto da ordenanza fiscal reguladora da taxa polo outorgamento de licenzas de apertura de establecementos publicado no BOP 27/11/2006, esta Alcaldía **realiza a seguinte proposta de acordo ó Pleno do Concello de Cerdido: Primeiro:** Adaptar a ordenanza fiscal municipal reguladora da taxa polo outorgamento de licenzas de apertura de establecemento ó disposto no artigo 71 bis da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento administrativo Común, así como o disposto no Real Decreto Lexislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, debéndose modificar o feito imponible, o devengo, o réxime de xestión e o réxime de ingreso, que quedaría redactado do seguinte xeito: **Artigo 2. Feito Imponible. O primeiro paragrafo queda redactado do seguinte xeito:** 1. Constitúe o feito imponible da taxa a actividade municipal, tanto técnica como administrativa, tendente a verificar se os establecementos industriais e mercantís reúnen as condicións de tranquilidade, sanidade, salubridade e calquera outras esixidas polas correspondentes ordenanzas e regulamentos municipais ou xerais para o seu normal funcionamento, nos supostos da tramitación da licenza de apertura ou nos supostos de comunicación previa ou declaración responsable. **Artigo 8. Devengo. Queda redactado o seu paragrafo primeiro do seguinte xeito:** Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír, cando se inicie a actividade municipal que constitúe o feito imponible. Para os efectos, entenderase iniciada dita actividade na data de presentación da oportuna solicitude da licenza de apertura ou presentación da comunicación previa ou declaración responsable, se o suxeito pasivo formulase expresamente esta. **Artigo 9. Normas de xestión. Queda redactado do seguinte xeito:** 1. As persoas interesadas na obtención dunha licenza de apertura de establecementos industrial ou mercantil presentarán, previamente, no rexistro xeral a oportuna solicitude ou comunicación previa ou declaración responsable, con especificación da actividade ou actividades a desenvolver no local, achegando o proxecto ou documentos esixidos para cada clase de actividade polas disposicións vixentes, ademais da seguinte documentación, dependendo do concepto: a) Licenza para actividades clasificadas: proxecto por triplicado. b) Licenza de apertura: bosquejo de distribución do local. **2.** Se despois de formulada a solicitude de licenza de apertura ou comunicación previa ou declaración responsable, se variase ou ampliase a actividade a desenvolver no establecemento, ou se alterasen as condicións proxectadas por tal establecemento ou ben se ampliase o local inicialmente previsto, estas modificacións terán que poñerse en coñecemento da Administración Municipal co mesmo detalle ou alcance que se esixe na declaración prevista no número anterior. **Artigo 10. Réxime de ingreso. Queda redactado do seguinte xeito:** A tenor da facultade que confire o artigo 26 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, esixirase o depósito previo do importe da taxa regulada nesta Ordenanza, a cuxo fin, o solicitante da licenza procederá a autoliquidar o seu importe e ingresar a cantidade resultante. O depósito será aplicado á satisfacción da cota tributaria no momento de outorgarse a licenza, practicándose a correspondente liquidación provisional, con reintegro do seu importe ao interesado se por causas non imputables a este non chegase a prestarse o servizo. Se da liquidación practicada resultase unha cota superior ou inferior ó depósito constituído, procederase a requirir o ingreso da diferenza antes de expedir a licenza, no primeiro caso, é á devolución do exceso no segundo. Xuntamente co depósito previo ingresarase o importe estimado dos anuncios que sexa necesario publicar e outros gastos análogos que sexan de conta do interesado. Nos supostos de presentación de comunicación previa ou declaración responsable, os obrigados tributarios virán obrigados a presentar ante o Concello a autoliquidación segundo o



Concello de Cerdido (A Coruña)

Felgosas - A Barqueira 15569 Cerdido

Tlf. 981411000 Fax 981411027

www.cerdido.org / correo@cerdido.dicoruna.es

modelo determinado pola Administración Municipal e simultaneamente procederá a ingresar en fondos municipais a cota que resulte. No devandito documento o declarante fará constar todos os elementos da relación tributaria que sexan necesarios para efectuar a liquidación. Cerdido, 22 de agosto de 2011. A Alcaldesa. Asdo. Ana Rodríguez Montero. **Os membros do Pleno asistentes, en votación ordinaria e por maioría aprobaron a proposta anterior.** Oitos votos a favor dos Concelleiros Don Juan José Ramos Prieto, Dona María José López Lamigueiro, Don Faustino Cebreiro Paz, Don José Esmoris Aldao, Don Benigno Galego Castro, Don Álvaro Rodríguez Graña e Don Cándido Eusebio Prieto Lago e o voto da Sra. Alcaldesa. Unha abstención do Concelleiro Don Roberto O. López López

A **Alcaldesa** manifesta que esta modificación ven motivada polo cambio da normativa que regula as licenzas de apertura que agora en algúns casos non son precisas como tales e se substitúen por declaracións responsables.

O **concelleiro Don Roberto O. López López** entende que se debe establecer na ordenanza que nos casos que se esixan autorizacións doutras administracións non se poda dar a licenza de apertura ata telas todas e entende que a actividade de control que se precisa non se vai poder realizar dado que se carece de fondos para contratar expertos externos que as realicen.

4.- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DE ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BEN INMOBLES. EXENCIÓN CENTRO DE SAÚDE. Lida a proposta da Alcaldía do tenor literal seguinte: Ante o compromiso adquirido co Servizo Galego de Saúde no acordo de cesión gratuíta do Centro de Saúde de Cerdido no que se establecía o compromiso de regular nas ordenanzas fiscais a exención a favor dos centros sanitarios titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia ou do Servizo Galego de Saúde, do pagamento do imposto de bens inmobles e atendendo o disposto no artigo 62.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, esta Alcaldía propón ó Pleno do Concello de Cerdido o seguinte acordo: **Primeiro:** Modificar a ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre bens inmobles incorporando un novo artigo que literalmente queda redactado do seguinte xeito: **Artigo 6. EXENCIÓNS.** O abeiro do establecido no artigo 62.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais establececese a exención de este imposto ó centro sanitario de titularidade pública de Cerdido, sempre que este afecto ó cumprimento dos fins específicos dos referidos centros. **Segundo:** Dar ó expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición deste no taboleiro de anuncios deste Concello e no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e formular as reclamacións que consideren oportunas. **Terceiro.** Considerar, no suposto de que non se presentasen reclamacións ó expediente, no prazo anteriormente indicado, que o Acordo é definitivo, sobre a base do artigo 17.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Cerdido, 22 de agosto de 2011. A Alcaldesa. Asdo. Ana Rodríguez Montero. **Os membros do Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes aprobaron a proposta anterior.**

A Alcaldesa, toma a palabra para engadir que foi un compromiso que se acadou no acordo de cesión do centro de saúde.

5.- MOCIÓN PRESENTADA POLO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE INTERNET SATÉLITE. Lida a proposta do voceiro do grupo Municipal do BNG que se transcribe a continuación: De cotío aparecen novas na prensa relativas á expansión de diferentes sistemas de Internet, entre eles, a través de sinal por satélite. Tamén somos coñecedores, a través da prensa dos plans das administracións para a extensión ao rural do acceso á chamada banda ancha, e dos dilatados prazos para a súa aplicación. De calquera xeito, e en tanto non chegan os anteriores, dada a proliferación de diferentes ofertas empresariais, coidamos interesante, para a veciñanza do concello poder acadar o acceso a un servizo de calidade no menor espazo de tempo posíbel e a prezo asequíbel, tomar contacto con algunha das empresas do sector que operan pola zona, a fin de estudar a posibilidade dun acordo coa mesma para ofertar a toda a veciñanza do concello o nomeado servizo de internet de banda ancha por satélite. É por iso que presentamos, ao pleno municipal, a seguinte proposta de acordo: Tomar contacto con algunha empresa do sector, para avaliar a posibilidade dun acordo de xestión, do servizo de Internet de banda ancha por satélite, en todos os lugares do termo municipal de Cerdido. Cerdido, 1 de Agosto de 2011. Asdo. Roberto O. López e López. **Os membros do Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes aprobaron a proposta anterior.**

O Concelleiro D. Roberto Oscar López López manifesta que existen outros sistemas de acceso a internet, por wifi ou por satélite, e que o que se trata é de contactar con empresas para acordar a maior número de ofertas deixándolles poñer as antenas nos postes, non tería custe para o concello.


O concelleiro D. Benigno Galego Castro afirma que dende o seu grupo xa se presentaron mocións neste sentido e que é un servizo necesario para os veciños xa sexa por wifi ou por satélite e solicita información sobre o contacto que se tivo na anterior lexislatura coa Xunta e coas empresas sobre este tema. E solicita información se ademais do servizo, existe algún outro beneficio para o Concello.

A Alcaldesa, afirma que dende a Xunta esta aberto un proceso de contratación que esta adxudicado provisionalmente a Telefónica, e con contactos con varias empresas, antes querían que o Concello aportase unha parte económica pero agora xa ofrecen unicamente que se lles autorice o uso de postes para poñer as antenas.

O Concelleiro D. Roberto O. López López engade que no caso de San Sadurniño, a empresa ofrece un prezo moito mais baixo os veciños si existe acordo previo co Concello e engade que o sistema wifi non funciona tan ben en todos os lugares dado que depende da distancia entre os receptores e emisores pero da mais velocidade que o outro.

O Concelleiro D. Cándido Prieto Lago, afirma que existe tamén a posibilidade do WIFI público pero non existe interese política para poder poñelo en marcha en zonas como a casa da cultura ou a area recreativa do Castro.

6.- MOCIÓN PRESENTADA POLO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE OS SERVIZOS DO MESTRE DE PEDAGOXÍA TERAPEÚTICA NO CEIP A BARQUEIRA. Lida a proposta do voceiro do grupo Municipal do BNG que se transcribe a continuación: A carón das novas relativas a intención da Consellaría de Educación de retirar os servizos da/o mestra/e de pedagogía terapéutica do CEIP da Abarqueira, e co criterio de evitar tal



Concello de Cerdido (A Coruña)

Felgosas - A Barqueira 15569 Cerdido

Tlf. 981411000 Fax 981411027

www.cerdido.org / correo@cerdido.dicoruna.es

perda e os conseguíntes trastornos no programa escolar do centro respecto dos servizos actuais, solicitamos ao Pleno o seguinte acordo: Dirixirse á Consellaría de Educación da Xunta de Galiza solicitando manteña o nomeado posto de pedagogía terapéutica no CEIP de Abarqueira. Cerdido, 1 de Agosto de 2011. Asdo. Roberto O. López e López. **Os membros do Pleno en votación ordinaria e por maioría aprobaron a moción anterior.** Catro votos a favor dos Concelleiros Don Roberto O. López López, Don Benigno Galego Castro, Don Álvaro Rodríguez Graña e Don Cándido Eusebio Prieto Lago e cinco abstencións dos Concelleiros Don Juan José Ramos Prieto, Dona María José López Lamigueiro, Don Faustino Cebreiro Paz, Don José Esmoris Aldao e o voto da Sra. Alcaldesa.

O Concelleiro D. Roberto O. López López explica que presentou a moción porque se retirou a praza de mestre de pedagogía terapéutica (PPT) do CEIP A Barqueira en base a que non existe o número de nenos suficientes que motive a súa existencia, pero entendemos que, se ben esta retirada se apoia na normativa existente, isto vai levar consigo unha perda da calidade do servizo dado que esta profesora controlaba a existencia dalgún problema nos nenos. O Concello, con independencia que se base na aplicación dunha norma debe defender que no medio rural se teñan os mesmos servizos que noutra area e deberíase pedir a Xunta que non se condicione o nivel de servizos o número de persoas, senón que se vincule a calidade.

O Concelleiro D. Benigno Galego Castro, está de acordo coa posibilidade de mobilizarnos por estes recortes igual que fixemos coa praza de pediatría, xa en xuño denunciouse publicamente este tema.

A Alcaldesa afirma que dende a Xunta afirman que no colexio de Cerdido hai un orientador e tres profesores especialistas e corenta e dous alumnos e entende que coa praza de orientador é suficiente, ademais non existen casos graves no Concello é os casos que hai, escolarizáronse en Moeche para ter unha mellor atención.

O Concelleiro D. Cándido Prieto Lago afirma que o PTT non so se adica a problemas graves senón que tamén traballa como mestre de apoio para as aulas nas que están agrupados varios cursos.

A Alcaldesa, entende que neste colexio non hai casos graves segundo lle explicou o Director do centro e que se aplica unha norma que xa ben do anterior goberno da Xunta. Ademais hai cursos con sete nenos na aula e van a ter a presenza dun orientador.

O Concelleiro D. Roberto O López López entende que o importante deste tema é que se esta perdendo calidade na prestación dun servizo de educación e entende que dende o Concello se debe pedir a Xunta que non se empeore a calidade do servizo educativo en Cerdido.

7.- DAR CONTA DO INFORME DE MOROSIDADE 2/2011 (SEGUNDO TRIMESTRE) Ó ABEIRO DO DISPOSTO NO ARTIGO 4 DA LEI 15/2011 DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004, DE 29 DE DECEMBRO, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MORISIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS. Por parte da Secretaria deuse lectura o informe 2/2011, de morosidade que se transcribe a continuación: Informe sobre o cumprimento de prazos previstos legalmente para o pagamento das obrigas:

I.- NORMATIVA APLICABLE

- Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais modificada pola Lei 15/2010, do 5 de xullo.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo. Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.
- Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

II.- CONSIDERACIÓNS

En aplicación do establecido na Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, nos seus artigos 4º.3 e 5º.4, en canto á obrigatoriedade de informar sobre o cumprimento, por parte desta Entidade Local, dos prazos previstos para o pagamento das obrigas, que se concretan no art.1º.3 e o art. 3º.3 da citada Lei, para o trámite que proceda emítese o presente informe: O prazo ao que se refire o art. 4º.3 da Lei 15/2010 é o establecido no art. 3º.3 da devandita lei que engade a disposición transitoria 8ª á Lei 30/2007, de Contratos do Sector Público, determinando que:


“Entre o 1 de abril de 2011 e o 30 de xuño de 2011, o prazo no que as Administracións teñen a obriga de aboar o prezo das obrigas ás que se refire o apartado 4 do artigo 200 será dentro dos **cincuenta días** seguintes á data da expedición das certificacións de obra ou dos correspondentes documentos que acrediten a realización total ou parcial do contrato”.

III.- ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS:

Que da execución presupostaria rexistrada na contabilidade municipal sobre o total de pagamentos materiais realizados entre os días 01/04/2011 e 30/06/2011 (segundo trimestre do 2011) se obtén a seguinte información:

a)Facturas ou documentos xustificativos pagados no trimestre

Pagos realizados no trimestre	Período medio pago (PMP) (días)	Período medio pago excedido (PMPE) (días)	Pagos Realizados no Trimestre			
			Dentro do período legal do pago		Fora do período legal do pago	
			Número de pagos	Importe total	Número de pagos	Importe total
Gastos en Bens Correntes e Servizos	25,2352	59	121	45740,34	1	61,47
Aplicados a Presuposto (Capítulo 2) por artigos	25,2352	59	121	45740,34	1	61,47
20- Arrendamentos e Canons	0	0	0	0	0	0
21- Reparación, Mantemento e conservación	33,4	0	18	3014,44	0	0
22- Material, Subministro e Outros	24,66	0	103	42725,90	0	0
23- Indemnización por razón do servizo	0	0	0	0	0	0
24- Gasto de Publicacións	0	0	0	0	0	0
26- Traballos realizados por institucións s.f. de lucro	0	0	0	0	0	0
27- Gastos imprevistos e funcións non clasificadas	0	0	0	0	0	0
2 - Sen desagregar	0	0	0	0	0	0



Concello de Cerdido (A Coruña)

Felgosas - A Barqueira 15569 Cerdido

Tlf. 981411000 Fax 981411027

www.cerdido.org / correo@cerdido.dicoruna.es

Pendientes de aplicar a presuposto						
Inversións reais	28	0	2	48879,05	0	0
Aplicados a Presuposto (Capítulo 6)	28	0	2	48879,05	0	0
Pendientes de aplicar a presuposto	0	0	0	0	0	0
Outros Pagos realizados por operacións comerciais						
Aplicados a presuposto	0	0	0	0	0	0
Pendientes de aplicar a presuposto	0	0	0	0	0	0
Sen desagregar						
Aplicados a presuposto	0	0	0	0	0	0
Pendientes de aplicar a presuposto	0	0	0	0	0	0
Total	26,6625	59	123	94619,39	0	0

b) Intereses de demora pagados no período

Pagos realizados no trimestre	Intereses de demora pagados no período	
	Número de pagos	Importe total intereses
Gastos Correntes en Bens e Servizos	0	0
Inversións reais	0	0
Outros Pagos realizados por operacións comerciais	0	0
Sen desagregar		
Total	0	0

Que respecto á información relativa ó número e importe de obrigas pendentes nas que se está a incumprir o prazo de pagamento legalmente establecido se resume nos cadros seguintes:

a) Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pagamento ao final do trimestre. (art. 4º. 3 Lei 15/2010)

Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pago ó final do trimestre	Período medio do pendente de pago (PMPP) (días)	Período medio do pendente de pago excedido (PMPPE) (días)	Pagos Realizados no Trimestre			
			Dentro do período legal pago ó final do trimestre		Fora do período legal pago ó final do trimestre	
			Número de operacións	Importe total	Número de operacións	Importe total
Gastos en Bens Correntes e Servizos	14,2705	0	40	19.449,70	0	0
Aplicados a Presuposto (Capítulo 2) por artigos						
20- Arrendamentos e Canons						
21- Reparación, Mantemento e conservación	12,17	0	6	2138,38	0	0
22- Material, Subministro e Outros	14,53	0	34	17311,32	0	0
23- Indemnización por razón do servizo						

24- Gasto de Publicacións						
26- Traballos realizados por institucións s.f. de lucro						
27- Gastos imprevistos e funcións non clasificadas						
2 - Sen desagregar						
Inversións reais						
Outros Pagos realizados por operacións comerciais						
Sen desagregar						
Total	14,2705	0	40	19.449,70	0	0

c) Facturas ou documentos xustificativos con respecto aos cales, ao final do trimestre, transcorreron máis de tres meses dende a súa anotación no rexistro de facturas desta Entidade Local e non se tramitaron os correspondentes expedientes de recoñecemento da obriga (art. 5º. 4 Lei 15/2010):

Facturas ou docum. Xustificativos ó final do trimestre con máis de tres meses da súa anotación no rexistro de facturas, pendentes de recoñecemento da obriga (Art. 5.4 Lei 4/2010)	Período medio operacións pendentes reconocim. (PMOPR)	Pendente de recoñecemento obriga	
		Número	Importe total
Gastos Correntes en Bens e Servizos			
Inversións reais			
Outros Pagos realizados por operacións comerciais			
Sen desagregar			
Total		0	0


III.- CONCLUSIÓN

É canto se ha de informar segundo a normativa de aplicación, proponendo: - Que se de traslado do presente informe e anexos aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e da Xunta de Galicia. Cerdido, a vinte e dous de agosto de dous mil once. O Tesoureiro. A Secretaria - Interventora. Asdo. Daniel Rodríguez Fraguela. Asdo. Paula Díaz Tie.

Os membros do Pleno déronse por informados.

8.- DAR CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA

Nº	Data	Descrición
Abril 2011		
81	27/04/2011	Autorización de uso da Casa da Cultura ó PSdeG-PSOE
82	27/04/2011	Aprobación de pagos
83	27/04/2011	Listado de gañadores do XI Certame: CONTOS DE Cerdido
84	28/04/2011	Iniciar o expediente de contratación da obra: Acceso a Campos e outros (Os Casas)



Concello de Cerdido (A Coruña)


Felgosas - A Barqueira 15569 Cerdido

Tlf. 981411000 Fax 981411027

www.cerdido.org / correo@cerdido.dicoruna.es

85	28/04/2011	Iniciar o expediente de contratación da obras: Camiño en Rebordaos (Cerdido) e outros
86	28/04/2011	Autorización do uso do Castro a D ^a . María Gómez Pazos
87	28/04/2011	Altas no padrón de habitantes en Porto, 40 – A Barqueira
88	29/04/2011	Licenza de obras 03/2008 a D. Manuel Pardo Fernández para recheo e nivelación das parcelas con terra vexetal conforme a fisionomía do terreo circundante en Regueirolongo, 4 - Cerdido
Maio 2011		
89	02/05/2011	Autorización de uso da Casa de Cultura a GAES Centros Auditivos
90	04/05/2011	Autorización para a celebración da festa en honra a Santa Lucía nos Casás
91	04/05/2011	Autorizar á Comisión de Festas de Os Casás ó peche ó tráfico rodado no lugar de Mestas
92	05/05/2011	Aprobar a certificación nº 1 da obra: Abastecemento de auga a varios núcleos (Rocha Carballeiro e outros)
93	12/05/2010	Aprobación do expediente de contratación do servizo de limpeza de edificios municipais e invitación a empresas no expediente de contratación.
94	12/05/2011	Prorrogar unha anualidade o contrato de mantemento de instalacións eléctricas asinado coa empresa Tuimil Electricidad, S.A. e proceder a revisar o prezo do contrato incrementando un 3,3% segundo a variación do IPC
95	13/05/2011	Dar de baixa no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Cerdido a Asociación Cultural Amigos da Feira da Barqueira
96	13/05/2011	Autorización para o uso do equipo de megafonía municipal á Unión Deportiva Cebarca
97	18/05/2011	Nomear a empresa Nexus Energia coma representante da planta de enerxía solar fotovoltaica
98	18/05/2011	Autorización do uso do Castro a D. Raúl Blanco Gato
99	19/05/2011	Contratación de M ^a Susana Pita Rodríguez por acumulación de tarefas
100	23/05/2011	Aprobación do expediente de modificación de crédito número 01/11, de xeración de créditos dentro do vixente presuposto municipal
101	23/05/2011	Contratación de un peón, un condutor e un auxiliar administrativo para desenvolver os proxectos: Mantemento de áreas naturais e Axuda as familias.
102	23/05/2011	Licenza de obras 2011/008/000002 a D. JUAN ANTONIO VERGARA FRAGAS para levar a cabo as obras de substitución do lousado de cuberta na igrexa de San Antonio da Barqueira
103	23/05/2011	Altas no padrón de habitantes en Porto, 29 A – A Barqueira
104	24/05/2011	Subsanación de documentación solicitada para a contratación de: Camiño Carreiro da Bola - Arriba da Arriba (Os Casás)
105	24/05/2011	Alegacións ó expediente de reintegro 2009/11 da cantidade de 7.896,77 € en concepto de exceso de subvención percibida con respecto ao custo da actividade subvencionada recibida o día 1/12/2009.
106	26/05/2011	Altas no padrón de habitantes en Barbelas, 2 – A Barqueira
107	30/05/2011	Convocatoria Pleno Extraordinario
108	30/05/2011	Sesión extraordinaria da Comisión especial de Contas
109	30/05/2011	Autorización para o uso pavillón polideportivo e do equipo de megafonía municipal á Unión Deportiva Cebarca
110	30/05/2011	Aprobación da factura, certificación de obra nº 3 e final de obra: EDAR na Vila da Igrexa

		(Cerdido)
Xuño 2011		
111	01/06/2011	Convocatoria da sesión constitutiva da corporación local.
112	01/06/2011	Aprobación de pagos
113	06/06/2010	Aprobación de pagos ós grupos municipais
114	08/06/2011	Fixación das vacacións do persoal do concello.
115	09/06/2011	Arquivar a denuncia presentada pola Garda Civil por abandono dun vehículo no lugar de O Porto.
116	10/06/2011	Licenza de obras 2011/008/000003 a D. JOSE-ANTONIO MERA BOUZA para levar a cabo as obras de construción dun garaxe en Vila da Igrexa.
117	13/06/2011	Apertura dos sobres das ofertas económicas presentadas no expediente de contratación da obra incluída no POS 2010 e requirimento de documentación a José No Mantiñan e Hijos
118	13/06/2011	Solicitude de documentación a D ^a Ana Loureiro Méndez para optar ó servizo de limpeza de edificios a cargo do Concello
119	15/06/2011	Contratación dun peón, condutor e auxiliar de axuda no fogar, subvencionada pola Consellería de Traballo e Benestar
120	16/06/2011	Autorización para a celebración da festa en honra a San Xoán nos Casás
121	16/06/2011	Autorizar á Comisión de Festas de Os Casás ó peche ó tráfico rodado no lugar de Campo da Igrexa
122	16/06/2011	Declaración de extinción da bolsa de contratación dun socorrista aprobada por Decreto 13/2011 por renuncia dos candidatos e aprobación das bases específicas para crear unha nova bolsa de contratación de socorrista
123	16/06/2011	Substitución de dous vocais do órgano de selección dunha praza de auxiliar administrativo por ter parentesco de consanguinidade dentro do cuarto grado o de afinidade dentro do segundo, con dous participantes no proceso de selección
124	17/06/2011	Modificación dos vocais do órgano de selección dunha praza de auxiliar administrativo: Vicente Casal Villasuso por Diego Rodríguez Piñón.
125	20/06/2011	Adxudicación do contrato de obra: Camiño carreiro da Bola – Arriba da arriba á empresa: José No Mantiñan e Hijos, Construcciones, S.A. por ser a empresa que maior puntuación obtivo na valoración de méritos que establecía o prego de condicións tipo da Deputación
126	20/06/2011	Contratación dun auxiliar administrativo, subvencionada pola Consellería de Traballo e Benestar
127	22/06/2011	Modificación de crédito número 03/11
128	23/06/2011	Autorizacións para fogueiras de San Xoán e San Pedro
129	24/06/2011	Modificar o prezo do contrato de servizos técnicos e urbanístico asinado coa empresa Estudio Técnico Gallego S.A. Nun 3,5%
130	24/06/2010	Designación dos tenentes alcaldes do concello.
131	27/06/2011	Autorización de acceso a Cándido Prieto Lago, Concelleiro do PSdeG de Cerdido, a copia do expediente da subvención da Consellería de Traballo e Benestar



Concello de Cerdido (A Coruña)


Felgosas - A Barqueira 15569 Cerdido

Tlf. 981411000 Fax 981411027

www.cerdido.org / correo@cerdido.dicoruna.es

132	28/06/2011	Autorización para a fogueira de San Pedro
133	28/06/2011	Nomeamento dos compoñentes da mesa de contratación con carácter permanente
134	28/06/2011	Adxudicación do contrato de servizo de limpeza dos edificios a cargo municipal á D ^a Ana Loureiro Méndez, Limpezas Cerdido por ser a empresa que maior puntuación obtivo na valoración de méritos que establecía o prego de condicións tipo da Deputación
135	28/06/2011	Nomeamento do órgano de selección para a creación da bolsa de contratación dun socorrista acuático -monitor de natación
136	29/06/2011	Autorización para a celebración da festa en honra a San Martiño en Cerdido
137	29/06/2011	Autorizar á Comisión de Festas de Cerdido ó peche ó tráfico rodado no lugar de Vila da Igrexa
138	29/06/2011	Autorización do uso do local da cafetería do Castro a Airiños dos Carrís (ensaio de baile)
139	30/06/2011	Autorización a Benigno Galego Castro de acceso ás nóminas da Alcaldesa dos meses de xaneiro, febreiro, marzo, abril, maio, xuño
140	30/06/2011	Contratación de Alberto Fernández Candales como socorrista-monitor de natación
141	30/06/2010	Autorización do uso da Escola de Avispeira a Asociación de Produtores de Madeira de Cerdido
142	30/06/2011	Aprobación do padrón de contribuíntes da taxa polo servizo de abastecemento de auga e do padrón de contribuíntes da taxa pola recollida de lixo do ano 2011
Xullo 2011		
143	01/07/2011	Aprobación do expediente de contratación da obra: Camiño de Rebordaos e outros (Cerdido) e invitación a empresas
144	01/07/2011	Aprobación do expediente de contratación da obra: Acceso a Campos e outros (Os Casás) e invitación a empresas
145	01/07/2011	Aprobación da certificación nº 1 da obra: Camiño Covelo Mestas Santa Lucía (Casares) presentada por Tuberías del Norte, S.L.
146	05/07/2011	Concesión da autorización para o exercicio da venda ambulante mediante camións ou vehículo tenda no Concello de Cerdido, a D. Luís Antonio Prieto Villar
147	05/07/2011	Convocatoria de Pleno extraordinario
148	07/07/2011	Licenza de obras 2011/006/000005 a D. PURIFICACIÓN MATILDE SUEIRAS MARTÍNEZ para levar a cabo as obras de retellamento da cuberta en Sete de Abaixo, 7
149	07/07/2011	Autorización de uso do local da cafetería do Castro a Arumes do Castro (xuntanza de amizade)
150	07/07/2011	Autorización ó Club Ciclista Ferrol para que a "XIV Marcha Ciclista a Ferrolterra" discorra por estradas de Cerdido o día 27 de agosto de 2011
151	08/07/2011	Declaración en situación administrativa de excedencia voluntaria para o coidado de fillo durante un ano a Sonia Pérez Teijeiro
152	12/07/2011	Aprobación das nóminas de persoal e funcionario da corporación local correspondente o mes de xullo

153	13/07/2011	Substitución de vocais do órgano de selección dunha praza de auxiliar de axuda no fogar por vacacións de varios membros do órgano seleccionador
154	19/07/2011	Nomeamento de César Yañez Carballeira como Secretario do Xulgado de Paz durante as vacacións do actual secretario Daniel Rodríguez Fraguela
155	20/07/2011	Contratación de Rita Fraga Orjales como auxiliar de axuda no fogar, subvencionada pola Consellería de Traballo e Benestar
156	22/07/2011	Autorización de uso do local da Biblioteca da Casa de Cultura a Asoc. MM. RR. "Albar Quercus" (cursos)
157	22/07/2011	Autorización de uso do local da Biblioteca da Casa de Cultura a Asoc. MM. RR. "Albar Quercus" (cursos)
158	26/07/2011	Altas no padrón de habitantes en Curutelo, 6 – A Barqueira
159	27/07/2011	Licencia de obra (expediente 2010/008/000007) e de apertura e inicio de actividade (expediente 2010/024/000002) a D. Felipe Rodríguez Calvo para acondicionamento de planta baixa para local de hostalería situado en As Felgasas nº 2
160	27/07/2011	Modificación de crédito número 04/11
160 A	27/07/2011	Solicitar a participación na subvención "conservación e mellora do patrimonio rural" para o proxecto: Recuperación e reparación da área recreativa de O Castro
Agosto 2011		
161	01/08/2011	Admisión da empresa José M. Piñeiro López S.L., no procedemento de contratación da obra: Camiño a Rebordaos (Cerdido) e outros
162	02/08/2011	Aprobación da certificación nº 2 da obra: Camiño Covelo – Mestas – Santa Lucia (Casares) presentada por Tuberías del Norte, S.L.
163	04/08/2011	Licenza de obras nº 2011/006/000004 a D. IGNACIO VILLADONIGA GARROTE para levar a cabo as obras de substitución do tellado de 180 m2 en tella sobre fibrocemento en Regueirolongo, 33.
164	05/08/2011	Actualización da renda de aluguer do primeiro piso das vivendas de Felgasas
165	08/08/2011	Licenza de obras nº 2011/006/000006 a D. JAIME LOPEZ ANEIROS para levar a cabo as obras de cambiar 120 m2 de tella plana por tella do país en Felgasas, 19
166	08/08/2011	Modificación de crédito número 05/11
167	09/08/2011	Licenza de obras nº 2011/006/000008 CONSTRUCCIONES CASALDAIA para levar a cabo as obras de colocación de 140 m2 de tella do país sobre placas de fibrocemento xa existentes en Domende, 6
168	09/08/2011	Licenza de obras nº 2011/006/000009 a D. MARINA PITA LAGO para levar a cabo as obras de cambiar tellado de 7 X 16 m2 de tella plana por chapas de fibrocemento e tella en Rioforcado, 8.
169	10/08/2011	Licenza de obras nº 2011/006/000011 a Dona MARIA CARMEN LOPEZ VAZQUEZ para substitución de cuberta de lousa por chapas de fibrocemento e tella curva e reforma de cheminea cunhas dimensións de 92 m2 no lugar de Soosloureiros, 4 - A Barqueira
170	10/08/2011	Conceder a prestación básica de axuda no fogar a D. Eduardo Galego Villar
171	17/08/2011	Autorización a Deputación Provincial da Coruña, para usar as instalacións da Casa da Cultura (sala de usos múltiples) para realizar un curso de "Coidados específicos a persoas enfermas de Alzheimer"



Concello de Cerdido (A Coruña)

Felgosas - A Barqueira 15569 Cerdido

Tlf. 981411000 Fax 981411027

www.cerdido.org / correo@cerdido.dicoruna.es

172	18/08/2011	Altas no padrón de habitantes en Ulfe de Malados, 4 – A Barqueira
173	19/08/2011	Autorización para usar a sala de usos múltiples da Casa da Cultura a D. Juan José Ramos Prieto
174	23/08/2011	Aprobación da certificación nº 1 e final da obra de camiño Carreiro da Bola e outros
175	23/08/2011	Convocatoria de Pleno Ordinario

En relación os decretos anteriores o Concelleiro Don Roberto O. López López solicita da Alcaldía información:

Decreto nº 95/2011, a alcaldesa explica que a Asociación de Amigos da feira se dissolveu.

Decreto nº 97/2011, a Alcaldesa afirma que para poder facturar enerxía debese ter un representante.

Decreto nº 105/2011, a Alcaldesa afirma que existe unha diferenza de criterio á hora de xustificar unha subvención dun curso subvencionado coa Consellería de Traballo.

Decreto nº 115/2011, a Alcaldesa explica que se debeu a un vehículo abandonado na zona de Porto e que se localizou ó propietario e levouno.

Decreto nº 123/2011, a Alcaldesa afirma que existía un vínculo de parentesco por ser conxuge e sobriña.

Decreto nº 129 /2011, a Alcaldesa afirma que se subiu o IPC.

Decreto nº 146/2011, a Alcaldesa afirma que se trata dunha licenza de venda ambulante dunha peixaría.

Decreto nº 160/2011, a Alcaldesa explica que se trata dunha modificación do presuposto pola chegada da aprobación de varias subvencións.

Decreto nº 160/2011, a Alcaldesa explica que se solicitou unha subvención para amañar as cubertas das mesas da Area Recreativa o Castro.

Decreto 164/2011, a Alcaldesa explica que se subiu o IPC.

En relación os decretos anteriores o Concelleiro Don Benigno Galego Castro solicita da Alcaldía información:

Decreto nº 92/2011, e os problemas que había cun veciño co Carballeiro, a alcaldesa afirma que se trata da certificación de obra nº 1.

Decreto nº 94/2011, a Alcaldesa explica que depende do mes de cálculo do IPC.

Decreto nº 99/2011, a Alcaldesa explica que se trata da contratación dun auxiliar administrativo pola bolsa de contratación existente.

Decreto nº 155/2011, Contratación dun SAD pola subvención da Consellería de Traballo.

9.- MOCIÓNS DE URXENCIA.

O Concelleiro D Roberto O. López López presenta as seguintes mocións por urxencia, motivando a urxencia pola necesidade de darlle un toque de atención os bancos. Os membros do Pleno asistentes, en votación ordinaria e por unanimidade aprobaron a súa inclusión na orde do día.

A.- MOCIÓN PARA O CONTROL DAS ABUSIVAS COMISIÓNS BANCARIAS. Lida a moción que se transcribe a continuación: As comisións que as entidades financeiras repercuten aos


usuarios e usuarias experimentaron unha subida significativa en plena crise económica, de maneira especial ao longo dos últimos meses. Ao tempo que as entidades bancarias seguen acumulando beneficios, que ascenderon a 3.174 millóns de euros no primeiro trimestre deste ano, tamén se detectou un notábel crecemento das comisións bancarias. As estatísticas do Banco de España reflicten un incremento medio de todas as comisións bancarias, que mesmo se acentuou en só un mes (desde maio a xuño deste ano), con incrementos que van desde o 6 ao 14,28%, comisións por mantemento de contas correntes ou de aforro que se están estandarizando ao redor dos 30 euros anuais, gravando mesmo con cantidades adicionais a contas de saldos medios inferiores a 2.000 euros. Tamén coincide esta subida coa restrición no acceso ao crédito para a maioría de persoas, de dificultades para obter financiamento tanto por parte de empresas, emprendedores como particulares. A subida das comisións bancarias, no caso do mantemento de contas correntes ou de aforro, que deberían estar exentas, convértense en abusivas polo feito de poder dispor as entidades do diñeiro depositado e con iso xerarlles beneficios. A aplicación de cláusulas abusivas e inxustas por parte das entidades financeiras non pode ser consentida de maneira indefinida. A afectación e as consecuencias negativas que supoñen para millóns de persoas a continuidade desas prácticas bancarias ilegais, confíenlles un interese público e social e que abrigan a que as institucións competentes, tanto o Goberno Central, que exerce a supervisión de todo o sector financeiro, como a Xunta de Galiza, á que lle corresponde dita supervisión no ámbito das caixas de aforro, encaren a situación e adopten medidas con carácter urxente en defensa do devandito interese. Por iso, solicitamos do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte acordo: Instar á Xunta de Galiza, e para que a súa vez inste, tamén, ao Goberno do Estado a:

1. Adoptar as medidas necesarias para impedir que mentres se manteña a situación de crise económica se produzan aumentos das comisións que aplican as entidades financeiras.
2. Realizar unha supervisión das comisións das entidades financeiras, establecendo límites máximos por cada comisión en función de parámetros obxectivos que teñan en conta o custo real do servizo prestado.
3. Obrigar ás entidades financeiras a ofrecer de forma transparente o importe das comisións polos distintos servizos.
4. Aprobar de forma inmediata as normas legais precisas para evitar que por parte das entidades financeiras se manteña o cobro abusivo en concepto de mantemento ou administración de contas correntes ou de aforro, e a obrigar á devolución das cantidades ingresadas en caso de persistir na dita práctica.

Cerdido, 24 de agosto de 2011. Asdo. Roberto Ó. López e López. **Os membros do Pleno aprobaron por unanimidade a moción anterior.**

B.- MOCIÓN SOBRE DERROGACIÓN DA ORDE POLA QUE SE APROBAN OS PREZOS MEDIOS NO MERCADO DE DETERMINADOS INMÓBEIS RÚSTICOS E URBANOS SITUADOS NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALIZA PARA OS EXERCICIOS 2010 E 2011. O Concelleiro D. Roberto O. López López motiva a urxencia pola recente modificación da normativa. Os membros do Pleno asistentes, en votación ordinaria e por unanimidade aprobaron a súa inclusión na orde do día.

Lida a moción que se transcribe a continuación: A Xunta de Galiza vén de publicar (DOG do 19 de agosto de 2011) a Orde da Consellaría de Facenda do 28 de xullo de 2011, pola que se aproban os prezos Medios no mercado de determinados inmóbeis rústicos e urbanos situados na Comunidade Autónoma de Galiza para os exercicios 2010 e 2011. Os valores medios fixados para os bens inmóbeis nesa norma supoñen un incremento considerábel respecto do valor que se viña asignando polos propios servizos tributarios da Xunta de Galiza. A aplicación da devandita norma como medio preferente para determinar o valor dos inmóbeis aos efectos do cálculo dos tributos



Concello de Cerdido (A Coruña)

Felgosas - A Barqueira 15569 Cerdido

Tlf. 981411000 Fax 981411027

www.cerdido.org / correo@cerdido.dicoruna.es

xestionados pola Xunta de Galiza levará consigo un aumento xeneralizado e abusivo dos impostos que gravan as transmisións patrimoniais inter vivos ou mortis causa (sucesións e doazóns), unha situación que afectará negativamente á maioría dos veciños e veciñas do noso concello. A subida media das taxacións dos inmóbeis que pretende aplicar a Xunta de Galiza, incluso de xeito retroactivo desde xaneiro de 2010, estimase entre un 25 e un 30 por 100, chegando nalgúns casos ao 65 por 100, como puxeron de manifesto desde que se difundiu o proxecto previo á publicación da Orde especialistas en xestión e asesoría tributaria, organizacións profesionais agrarias, ou mesmo representantes municipais. En realidade estamos ante unha suba encuberta de impostos aplicada pola Xunta de Galiza, facendo uso dunha actualización de valores afastados da realidade, dado que, debido á situación de crise económica é precisamente o mercado inmobiliario un dos máis afectados polo descenso continuado dos prezos ao longo dos últimos anos. Alén diso, a aprobación desta norma demostra a nefasta xestión económica do Goberno Galego, incapaz de facer unha xestión realmente eficaz dos recursos públicos, e ao tempo, afanoso de botar man de mecanismos que implican un incremento desproporcionado de impostas sen importarlle a difícil conxuntura económica na que se atopan a maioría das persoas deste país. Por todo isto, solicitamos do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte ACORDO: 1. Dirixirse ao Goberno Galego para que: a) Derroque e deixe sen efecto a Orde da Consellaría de Facenda do 28 de xullo de 2011, pola que se aproban os prezos medios no mercado de determinados inmóbeis rústicos e urbanos situados na Comunidade Autónoma de Galiza para os exercicios 2010 e 2011. b) Aprobe unha nova norma pola que se fixen novos valores medios dos inmóbeis que teñan en conta a situación de crise económica e que, polo tanto, en ningún caso, supoña incrementos respecto dos valores vixentes. 2. Dar traslado deste Acordo ao Goberno Galego e máis aos Grupos Parlamentares con representación no Parlamento de Galiza. Cerdido, 24 de agosto de 2011. Asdo. Roberto Ó. López e López. **Os membros do Pleno aprobaron a moción por maioría.** Catro votos a favor dos Concelleiros Don Roberto O. López López, Don Benigno Galego Castro, Don Álvaro Rodríguez Graña e Don Cándido Eusebio Prieto Lago e cinco abstencións dos Concelleiros Don Juan José Ramos Prieto, Dona María José López Lamigueiro, Don Faustino Cebreiro Paz, Don José Esmoris Aldao e o voto da Sra. Alcaldesa.

O Concelleiro D. Roberto O López López explica que o que se pretende e subir os impostos, o que se intenta e advertir a Xunta e solicitar que dialogue cos sectores sociais afectados, todos os sindicatos labregos están en contra desta subida.

O Concelleiro D. Benigno Galego Castro, solicita que se lle comunique que mocións se van a presentar por vía de urxencia para poder estudalas con tempo dado que non pode corroborar a información que se lle da por falta de tempo.

A Alcaldesa afirma que non está moi informada do tema.

C.- MOCIÓN RELATIVA Á UBICACIÓN DA CAIXA DE CORREO DA ABARQUEIRA. Os membros do Pleno en votación ordinaria e por unanimidade prestaron aprobación a súa inclusión na orde do día.

Lida a moción seguinte: Recentemente, non sen tempo, e tras varias peticións ante Correos, este organismo vén de repoñer un punto de recollida de correo no noso concello, en Felgosas. A pasar de ser esta unha boa nova, cumpre sinalar que a ubicación dada á caixa de correo non parece a

máis idónea, pola súa proximidade a estrada e por non facilitar o acceso a mesma a calquera persoa con problemas de mobilidade. Polo exposto, solicitamos do Pleno Municipal o seguinte acordo: Solicitar a Correos o permiso para cambiar a situación da caixa de correo, a un lugar menos perigoso, respecto do tráfico, e que facilite a accesibilidade ao mesmo, ás persoas con dificultades motrices. Cerdido, 26 de Agosto de 2011. Asdo. Roberto Ó. López e López. **Os membros do pleno por unanimidade acordaron deixar sobre a mesa a moción.**

O concelleiro D Roberto O. López López afirma que debería estar na beirarrúa e sería máis accesible.

A **Alcaldesa** comenta que deberá verse no sitio pero que lle parece boa zoa.

10.-ROGOS E PREGUNTAS.

O concelleiro D. Benigno Galego Castro formula as seguintes preguntas:

1.- Que trámites se están a facer para realizar o peche do campo de fútbol pequeno do colexio?

A Alcaldesa afirma que se está á espera de que as empresas non mandes os presupostos.

2.- A caseta do colexio é un perigo, que se vai a facer? Somos partidarios de que se quite. A Alcaldesa afirma que se pediu unha subvención pero non a concederon.

3.-Antes díxose que había 42 nenos no colexio, ten pensado a alcaldía algún programa para poñerlle freo a este descenso de nenos? A Alcaldesa afirma que non hai os 2500 € que prometestes para repartir, e este ano hai unha natalidade moi elevada.

4.- A subvención da Asociación de amigos da feira, que se vai a facer con ela? Solicítase que se reparta para as outras asociacións. Quen vai a organizar a feira agora? A Alcaldesa afirma que parte da subvención se gastou e parte esta sen gastar e que o Concello vai a organizar feiras puntualmente.

5.- A nave de Os Casás, como están os trámites? A Alcaldesa afirma que se está modificando o proxecto.


6.- Existen problemas cunha pista que vai a Pena e a Penadovico? A Alcaldesa afirma que é unha pista con congostra e balados importantes, pero se fixo o acceso.

7.- Houbo un curso de perruquería en xuño? A Alcaldesa afirma que houbo unhas charlas de estética gratuítas un par de xoves.

O Concelleiro formula os seguintes rogos:

- Que se inclúa no POS 2012 a varanda do lugar de O Rio e anhear a pista, tamén solicitan rede de sumidoiros en Freis

A Alcaldesa afirma que a varanda é moi complicada de poñer e debería amañala o camión que a tirou. En canto a rede de sumidoiros de Freis ten moitos problemas.



Concello de Cerdido (A Coruña)

Felgosas - A Barqueira 15569 Cerdido

Tlf. 981411000 Fax 981411027

www.cerdido.org / correo@cerdido.dicoruna.es

- Que se controle que non queden barbacoas acesas na area recreativa O Castro.

- Que se autorice ós partidos políticos a acceder ós expedientes de contratación dado que hai moitos expedientes que non pasan pola mesa de contratación.

A Alcaldesa afirma que se deberan solicitar para facilitar o traballo os funcionarios.

- Que se regule o tema dos voceiros e a intervención dos concelleiros no pleno dado que antes se insinuou que so podían falar os voceiros dos grupos.

O Concelleiro D. Cándido Prieto Lago realiza as seguintes preguntas.

1. Existe algún problema coa luz pública na Abelleira.

O Concelleiro D. Juan Ramos Prieto afirma que se soluciona colocando a luz doutra maneira.

2. Non se cumpre a distancias ás pistas nas plantación, no campo de fútbol acaban de plantar na beira do camiño. A Alcaldesa afirma que xa llo advertiron.

3. Cando se desbrozan as beirarrúas, se recolle a herba? O Concelleiro D. Juan Ramos Prieto afirma que sempre se lles avisa ós traballadores para que a recollan.

4. O socorrista da piscina non é monitor, pode dar cursos? A Alcaldesa afirma que sempre foi o socorrista o que fixo os cursos.

5. No obradoiro de emprego porque se limita a 30 anos? A Alcaldesa afirma que o límite de idade pono a Xunta.

E, non habendo mais asuntos que tratar a Presidencia levantou a sesión sendo as quince horas e cinco minutos do día trinta de agosto de dous mil once. Do que eu, como Secretaria dou fe:

A Secretaria

A Alcaldesa

Asdo. Paula Díaz Tie

Asdo. Ana Rodríguez Montero